

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACION DUN SERVIZO DE LACERÍA E PRESTACIÓN DE SERVIZOS ASOCIADOS AO SEU FUNCIONAMENTO NO CONCELLO DE LUGO

Sendo as 12:30 horas do día 24 de febreiro de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Sonia Méndez García, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e actuando como vocais don Manuel Núñez López, Concelleiro delegado da área de de Servios Xerais e Participación Ciudadá; dona Esther Muñoz Mella, en representación do Partido Socialista PSG-PSOE; don Ángel Trabada Gómez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular; dona Paz Abreira Sobrado, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego; dona Ana I. Sáez Mancebo, Letrada Asesora; dona Elva Anido Anido en substitución do Interventor Xeral do Concello, e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz, xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte da Sr. Secretario a dar lectura ó informe do negociado de rexistro de data do 24 de febreiro de 2015 no que se pon de manifesto que á referida contratación non se presentou ningunha plica

A vista do cal os membros da Mesa acordan propoñer a declaración de deserto do procedemento e abrir un procedemento negociado co fin de conseguir algunha oferta para a prestación do devandito servizo

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 12:40 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz

